

BASES DA CONVOCATORIA “CONCURSO DE CARTEIS E DO PROGRAMA DE NADAL/2005”

A- DESTINATARIOS:

Poderán participar todos os escolares de educación infantil e primaria do municipio de Santiago. Cada centro de ensino ou colectivo que traballe con estes grupos de idade enviará o número de traballos que lle pareza oportuno, coa única limitación dun cartel por neno/a.

B- MEDIDAS DO CARTEL: 50 x 40 como mínimo e 70 x 40 como máximo.

C- LEMA: NADAL 2005. CONCELLO DE SANTIAGO

D- Cada cartel deberá incluír **na súa parte posterior** os seguintes datos: nome e apelidos do alumno/a, curso e idade, centro onde estudia e o seu teléfono particular.

E- Os traballos presentados **non poderán incluír** elementos e materiais que sobresaian do debuxo, como por exemplo: palillos, algodón, purpurina, papel pegado, etc. pola dificultade de reproducir un cartel con estes engadidos e pola inevitable degradación que sofren estes materiais nos trasladados.

F- Con todos os traballos recibidos, dada a previsible cantidade, realizarase unha escolma polo Concello de Santiago.

G- O **xurado** definitivo do CARTEL e do PROGRAMA das Festas do Nadal/2005 estará constituído por 6 escolares, 3 persoas do Concello de Santiago e 1 profesional do deseño. Por sorteo, o Concello elixirá 6 centros de ensino do municipio de Santiago, que enviarán un escolar por centro, pasando a integrar o xurado do Concurso.

H- Veredicto do xurado: o veredicto terá lugar no Salón Verde do Concello o 1 de decembro de 2005.

I- Data da entrega de premios: 14 de decembro de 2005.

K- Contía dos premios:

	TOTAL	GAÑADOR/A	COLEXIO
1º premio	360 €	240 €	120 €
2º premio	240 €	150 €	90 €
3º premio	180 €	120 €	60 €
1º accésit	60 €		
2º accésit	60 €		
3º accésit	60 €		
Total	960 €		

L- PRAZO DE PRESENTACIÓ N: ata o 29 de novembro de 2005, no Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago, Rúa do Vilar, 13. Teléfonos 981-554 400 / 554 401